



Recursos para o profesorado



Proxecto **A Casa do Saber**

PROGRAMA DE ESTUDO EFICAZ

Esquemas de Lingua galega

Os contidos imprescindibles da Primaria
resumidos en 19 esquemas

Ficha 1	A comunicación	2
Ficha 2	Organización da lingua	4
Ficha 3	As palabras	6
Ficha 4	O substantivo	8
Ficha 5	O adxectivo	10
Ficha 6	O grupo nominal	12
	– Os artigos	
	– Os demostrativos	
	– Os numerais	
	– Os posesivos	
	– Os indefinidos	
Ficha 7	Os pronomes persoais	14
Ficha 8	O verbo	16
Ficha 9	O adverbio	18
Ficha 10	Os enlaces: preposicións e conxuncións	20
Ficha 11	Os enunciados	22
Ficha 12	O texto literario	24
Ficha 13	Verso, estrofa e poema	26
Ficha 14	Xéneros literarios	28
Ficha 15	Ortografía: uso de letras	30
Ficha 16	Ortografía: signos de puntuación	32
Ficha 17	Ortografía: o acento gráfico	34
Ficha 18	Análise morfolóxica e sintáctica	36
Ficha 19	O dicionario	38

**Obradoiro
Santillana**

A comunicación

A comunicación é o proceso polo cal recibimos e transmitimos información.

- Elementos** {
- **Emisor** ▶ persoa que transmite a información.
 - **Mensaxe** ▶ a información que se transmite.
 - **Receptor** ▶ persoa que recibe a información.
 - **Código** ▶ sistema de signos que se utiliza para transmitir unha mensaxe.

- Formas** {
- Xestos (chiscadela)
 - Sinais visuais (semáforo)
 - Sinais acústicos (sirena)
- Linguaxe {
- **Oral** ▶ cando falamos
 - **Escrita** ▶ cando escribimos

- As linguas** {
- Conxuntos de sons, palabras e regras lingüísticas que comparte unha mesma comunidade de falantes.*
 - En España ▶ galego, castelán, éuscaro, catalán...
 - No mundo ▶ chinés, inglés, árabe, francés...



Organización da lingua

Funcionamento da linguaxe: *funciona como un conxunto de unidades pequenas que se combinan para obter unidades maiores.*

As súas unidades { **Sons:** as unidades máis pequenas que pronunciamos.
Letras: signos que usamos na escritura para representar os sons.

Correspondencia letras/sons { Un mesmo son pode representarse con varias letras (**b, v**).
 Unha letra pode ter diferentes sons (**x**).
 Existe unha letra que non ten son (**h**).


A sílaba { *É o conxunto de sons que pronunciamos nun só golpe de voz (tren, por).*
Pode estar formada por un ou varios sons (e, tra), pero polo menos un deles ten que ser unha vogal.

Unión de vogais { **Ditongo:** se se pronuncian dúas vogais xuntas nunha mesma sílaba (**lei-te, au-ga**).
Tritongo: se se pronuncian tres vogais xuntas nunha mesma sílaba (**pro-nun-ciou**).
Hiato: se dúas vogais aparecen xuntas en sílabas distintas (**mo-er, mu-í-ño; dí-a**).

Clases de sílabas { **Tónicas:** as que levan o acento fónico, maior forza de voz (**lám-pa-da**).
Átonas: as que non levan acento fónico (**lám-pa-da**).

As palabras

A palabra é unha sílaba ou conxunto de sílabas (sol, bolboreta) que expresan unha idea. Sepáranse por espazos ou signos de puntuación. O seu significado recóllese no dicionario.





Clasificación (continuación)

Segundo outras particularidades

- **Siglas:** formadas por iniciais doutras palabras (ONU).
- **Onomatopeas:** representan sons (miau).
- **Estranxeirismos:** procedentes doutras linguas (gánster).
- **Palabras tabú:** malsoantes ou ferintes, que evitamos pronunciar (cárcere).
- **Eufemismos:** substitutas das palabras tabú (centro penitenciario).

Formación de palabras

- { **Prefixo:** partícula que se engade ao principio dalgunhas palabras para formar outras novas (des + facer ► desfacer).
- { **Sufixo:** partícula que se engade ao final dalgunhas palabras para formar outras novas (mozo + idade ► mocidade).

Agrupacións

- { **Familias:** grupos formados a partir dunha palabra determinada (terra, terrestre, terremoto...).
- { **Campo semántico:** palabras do mesmo tipo (substantivos, adxectivos...) que comparten un trazo de significado (pantalón, xersei, camisa, chaqueta...).
- { **Campo léxico:** palabras de distinto tipo relacionadas cun mesmo tema (edificio, construír, arquitecto, electricista, pintar, ventá...).

O substantivo

Os substantivos son palabras que serven para nomear persoas, animais, cousas, ideas e sentimentos. Son variables; é dicir, admiten desinencias de xénero e número.

Clasificación	Concretos/Abstractos: segundo nomeen seres ou obxectos que se poden ver, oír, tocar... ou nomeen ideas, sentimentos (pelota/gratitude).
	Comúns/Propios: segundo nomeen calquera persoa, animal ou cousa dunha clase determinada ou distinguíndoo do resto dos da súa clase (río/Miño).
	Individuais/Colectivos: segundo nomeen en singular un ser ou un grupo de seres (abella/enxame).

Variacións	Xénero	Formación do feminino	Masculino/Feminino: segundo se combinen coa forma masculina ou feminina do artigo e do adxectivo (o forno/casa nova)
			Cambio de terminación
			<ul style="list-style-type: none"> • Cambiando o/e por a (gato, gata; mestre, mestra). • Engadindo a (señor, señora; bailarín, bailarina). • Cambiando terminación án por á (irmán, irmá). • Cambiando tor/dor por triz (emperador, emperatriz).
			Cambio de artigo: o/a artista.
			Formas diferentes: cabalo/egua.
Número	Formación do plural	Singular/Plural: segundo nomeen un ou varios seres ou obxectos (o libro/os libros).	
		Engadindo -s ou -es ao singular (camións/rapaces/marqueses).	
		As palabras polisílabas agudas rematadas en -l perden o -l e engaden -is (papeis/funís)	
		As palabras rematadas en -l (graves ou monosílabas) engaden -es (túneles/soles)	
		Invariable: se o singular é unha palabra grave acabada en -s (o/os martes).	

O adxectivo

Os adxectivos son palabras que expresan calidades ou estados do substantivo ao que se refiren.

Posición: O cambio de posición do adxectivo con respecto ao substantivo pode influír no significado:
(Unha gran persoa/unha persoa grande)

- Diante do substantivo (**frías** augas).
- Detrás do substantivo (rapaz **triste**).
- Unido ao substantivo polo verbo (O can parece **simpático**).

Concordancia

Xénero: coincide en xénero co substantivo ao que acompaña

- Con formas diferentes (baixo/a).
- Con formas invariables (alegre).

Número: coincide en número co substantivo ao que acompaña (mesa redonda, mesas redondas).

Graos do adxectivo

Positivo: expresa a calidade sen se referir á súa intensidade (alto).

Comparativo: expresa a calidade comparándoa coa doutros seres ou obxectos

- **Inferioridade:** menos ... que/ca
- **Superioridade:** máis ... que/ca
- **Igualdade:** tan ... como/coma

Superlativo: expresa a calidade no seu máis alto grao

- moi ...
- -ísimo/a





O grupo nominal

O grupo nominal é un conxunto de palabras que se agrupan arredor dun substantivo.

Ademais do substantivo e do adxectivo, as seguintes palabras desempeñan diferentes funcións no grupo nominal.

Os artigos	<ul style="list-style-type: none"> Non teñen significado propio. Son sempre determinantes. Formas { o, a, os, as. Contraccións { ao, á, aos, ás; co, coa, cos, coas; do, da, dos, das; no, na, nos, nas; polo, pola, polos, polas
Os demostrativos	<ul style="list-style-type: none"> Sinalan os seres ou obxectos. Expresan a distancia co falante. Formas { este, esta, estes, estas; isto. ese, esa, eses, esas; iso. aquel, aquela, aqueles, aquelas; aquilo. Función { Determinante: se vai diante do substantivo (este regueiro). Complemento: se vai detrás do substantivo (o regueiro aquel). Núcleo do grupo nominal: se substitúe ao substantivo (iso gústame).
Os numerais	<ul style="list-style-type: none"> Expresan unha cantidade ou unha orde precisas. Formas { Cardinais: expresan cantidades exactas (serie infinita: dous, tres, catro...). Ordinais: expresan o lugar que ocupan seres ou obxectos (serie infinita: segundo, décimo... vixésimo...). Función { Determinante: se aparece diante do substantivo (sete burros). Complemento: se aparece detrás do substantivo (capítulo sexto). Núcleo do grupo nominal: se substitúe ao substantivo (quedou o segundo).

Os posesivos**Os indefinidos**

Os pronomes persoais

Os pronomes persoais son palabras que serven para nomear persoas, animais ou cousas sen utilizar substantivos. Funcionan na oración como os substantivos.

As súas características	<ul style="list-style-type: none"> • Significado: non teñen significado propio; refírense a calquera substantivo. • Forma: variable en xénero, número e persoa. • Función: substitúen ao substantivo, polo que forman un grupo nominal. 				
Clases	<table> <tr> <td data-bbox="470 563 993 595">Tónicos: son os que poden aparecer sós</td> <td data-bbox="1106 515 1778 651"> <ul style="list-style-type: none"> • De primeira persoa (eu, min, comigo, nós). • De segunda persoa (ti, contigo, vós). • De terceira persoa (el, si, consigo, ela, eles, elas). </td> </tr> <tr> <td data-bbox="470 754 950 786">Átonos: sempre acompañan un verbo</td> <td data-bbox="1106 699 1778 876"> <ul style="list-style-type: none"> • De primeira persoa (me, nos). • De segunda persoa (te, che, vos). • De terceira persoa (lle, lles, o/lo/no; a/la/na; os/los/nos; as/las/nas). </td> </tr> </table>	Tónicos: son os que poden aparecer sós	<ul style="list-style-type: none"> • De primeira persoa (eu, min, comigo, nós). • De segunda persoa (ti, contigo, vós). • De terceira persoa (el, si, consigo, ela, eles, elas). 	Átonos: sempre acompañan un verbo	<ul style="list-style-type: none"> • De primeira persoa (me, nos). • De segunda persoa (te, che, vos). • De terceira persoa (lle, lles, o/lo/no; a/la/na; os/los/nos; as/las/nas).
Tónicos: son os que poden aparecer sós	<ul style="list-style-type: none"> • De primeira persoa (eu, min, comigo, nós). • De segunda persoa (ti, contigo, vós). • De terceira persoa (el, si, consigo, ela, eles, elas). 				
Átonos: sempre acompañan un verbo	<ul style="list-style-type: none"> • De primeira persoa (me, nos). • De segunda persoa (te, che, vos). • De terceira persoa (lle, lles, o/lo/no; a/la/na; os/los/nos; as/las/nas). 				

O verbo

Os verbos son palabras que serven para nomear accións ou estados, situándoos nun tempo determinado.

Cada unha das súas variantes chámase **forma verbal**. Lembra que en galego non hai tempos compostos.

O **infinitivo** é a forma verbal con que nomeamos o verbo.

Partes das formas verbais { **Raíz:** parte do verbo que queda ao quitar a terminación do infinitivo. Contén o significado básico do verbo (**beber**).
Desinencias: son as terminacións que se engaden á raíz para construír as distintas formas verbais (beb-ín, beb-er, beb-edes, beb-amos).

Conxugación { Conxunto de todas as formas verbais dun mesmo verbo.
1.^a conxugación: verbos con infinitivo en **-ar** (andar).
2.^a conxugación: verbos con infinitivo en **-er** (converter).
3.^a conxugación: verbos con infinitivo en **-ir** (subir).

Clases de verbos segundo a súa raíz e a súa desinencia { **Regulares:** manteñen igual a raíz en todas as súas formas e toman as mesmas desinencias do verbo «modelo» da súa conxugación (**recibir** ► **recibo, recibiches, recibiriades**).
Irregulares: varían nalgunhas formas a súa raíz ou toman desinencias distintas ás do verbo «modelo» da súa conxugación (**trouxen, de traer**).
Defectivos: verbos que teñen unha conxugación incompleta (**nevar** só se conxuga en terceira persoa do singular).

Variacións do verbo

{	Número	{	<p>Singular: se unha soa persoa realiza a acción (Eu como).</p> <p>Plural: se son varias as persoas que realizan a acción (Eles comen).</p>
	Persoa	{	<p>Formas persoais: realizan a acción persoas gramaticais</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1.^a O/s que fala/n: eu, nós. • 2.^a O/s que escoita/n: ti, vós. • 3.^a Unha persoa distinta a quen fala ou escoita: el, ela, eles, elas.
		{	<p>Formas non persoais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Infinitivo: forma que nomea o verbo (beber). • Xerundio: expresa a acción en desenvolvemento (bebendo). • Participio: expresa a acción pasada ou rematada (comido).
	Tempo	{	<p>Segundo o momento en que sitúa a acción</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pasado (andei). • Presente (ando). • Futuro (andarei).
		{	<p>Segundo expresan a acción acabada ou inacabada</p> <ul style="list-style-type: none"> • Perfectos (andei). • Imperfectos (andabas).
Modo	{	<p>Indicativo: cando se presenta unha acción como real (O neno aprobou todo).</p> <p>Subxuntivo: cando se expresan desexos ou se dan ordes negativas (Oxalá aprrobe todo).</p> <p>Imperativo: cando se dan ordes afirmativas (Aproba todo dunha vez!).</p>	

O adverbio

Os adverbios son palabras que expresan circunstancias de **lugar**, de **tempo**, de **modo** ou de **cantidade**, ou ben expresan **afirmación**, **negación** ou **dúbida**.

Forma: Son **invariables**, non admiten variación de xénero, número nin persoa.

Función {
 Complemento do verbo (Érguese cedo).
 Complemento do adxectivo (É moi alto).
 Complemento doutro adverbio (Queda bastante lonxe).

Clases {
 Lugar: aquí, alí, preto, lonxe, fóra, dentro, diante, detrás... (Xoán está fóra).
 Tempo: onte, hoxe, mañá, antes, agora, despois, daquela, axiña... (Hoxe comeza o colexio).
 Modo: ben, mal, así, mellor, peor, rapidamente... (Roi comeu tranquilamente).
 Cantidade: moito, moi, pouco, máis, menos... (Iria traballou moito).
 Afirmación: si, certamente, tamén, abofé... (Abofé que o podes crer).
 Negación: non, nunca, tampouco, xamais... (Non agardedes por min).
 Dúbida: quizais, talvez, seica... (Seica dan mal tempo para o sábado).


Formación de adverbios: hai moitos adverbios que derivan dun **adxectivo** ao que se lle engade o **sufixo -mente** ao seu feminino singular (claramente, facilmente, lentamente...).



Os enlaces: preposicións e conxuncións

Os elementos de enlace son palabras que unen ou relacionan palabras ou grupos de palabras.


Forma: son invariables, non admiten variación de xénero, número nin persoa.




Os enunciados

Un enunciado é un grupo de palabras ordenadas que teñen sentido completo (Antía merendou froita e un iogur.).

Características básicas { Sentido completo.
Entoación independente (finaliza con pausa ou cun signo de puntuación).





O texto literario

Os textos son as unidades superiores das que nos servimos para comunicarnos (noticias, conversa, poema...).

O texto literario é unha obra que pretende deleitar os lectores.

Tipos	{ { {	Oral: prodúcese coa idea de ser cantado ou narrado en público.
		Escrito: son obras concibidas para ser lidas. <ul style="list-style-type: none"> • En prosa: escrito ao longo da liña formando moitas. • En verso: escrito en liñas curtas, con ritmo e musicalidade (pola medida dos seus versos e pola rima).
Recursos (figuras literarias)	{ { { { {	Comparación: semellanza entre dous seres.
		Metáfora: referencia a unha realidade co nome doutra.
		Hipérbole: esaxeración desmesurada.
		Personificación: atribución de calidades humanas a seres que non o son.
		Paralelismo: repetición de estruturas parecidas.
	Repetición: repetición dalgunhas palabras ou partes do texto para dar ritmo.	

Verso, estrofa e poema

O verso é cada unha das liñas dun poema.

Regras de medida dos versos (número de sílabas) {

- Se acaba en palabra aguda, cóntase unha sílaba máis.
- Se acaba en palabra esdrúxula, cóntase unha sílaba menos.
- Por cada sinalefa (unión de dúas sílabas que pertencen a palabras distintas) cóntase unha sílaba menos.

Clases de versos (segundo a súa medida) {

- Versos de **arte menor** (8 sílabas ou menos; noméanse con letra minúscula)
 - bisílabos (2 sílabas).
 - trisílabos (3 sílabas).
 - tetrasílabos (4 sílabas).
 - pentasílabos (5 sílabas).
 - hexasílabos (6 sílabas).
 - heptasílabos (7 sílabas).
 - octosílabos (8 sílabas).
- Versos de **arte maior** (9 sílabas ou máis; noméanse con letra maiúscula)
 - eneasílabos (9 sílabas).
 - decasílabos (10 sílabas).
 - hendecasílabos (11 sílabas).
 - dodecasílabos (12 sílabas).
 - tridecasílabos (13 sílabas).
 - alexandrino (14 sílabas).

Rima {

- Coincidencia total ou parcial dos sons de dúas palabras a partir da sílaba tónica.
- Clases {
 - Consonante:** coincidencia **total** (vogais e consoantes).
 - Asonante:** coincidencia **parcial** (só as vogais).

A estrofa

Conxunto de versos que aparecen agrupados con rima e medida en esquema fixo.

Clases

- **Pareado:** estrofa de 2 versos con rima consonante ou asonante.
- **Terceto:** estrofa de 3 versos hendecasílabos con rima 11A – 11B – 11A.
- **Cuarteta:** estrofa de 4 versos de arte menor con rima consonante 8a – 8b – 8a – 8b.
- **Cuarteto:** estrofa de 4 versos de arte maior con rima consonante 11A – 11B – 11B – 11A.
- **Sirventés:** estrofa de 4 versos de arte maior con rima consonante 11A – 11B – 11A – 11B.
- **Redondilla:** estrofa de 4 versos de arte menor con rima consonante 8a – 8b – 8b – 8a.


Poema


É unha composición escrita en verso.

Clases

- **Estrófico:** versos agrupados en estrofas ▶ soneto (dous cuartetos e dous tercetos hendecasílabos con rima consonante).
- **Non estrófico:** versos non agrupados en estrofa ▶ romance (serie indefinida de versos octosílabos con rima asonante nos pares).

Os xéneros literarios son os grupos en que se clasifican as obras literarias.





Ortografía: uso de letras

- Escríbense con **h** {
 As formas verbais de **haber**, **habitar**, **herdar** e **honrar** (hai, habitaban, herdou, honraron).
 As palabras derivadas doutras que levan **h** (harmonía ► harmónica, filharmónica)
 As palabras que comezan por **horr-**, **hum-**, **hosp-** (horror, humidade, hospital).
- Escríbense con **b** {
 As formas verbais de **haber**, **caber**, **saber**, **deber**, **beber** e **sorber** (había, couberon).
 Diante de **l** (blusa) e **r** (nobreza) e detrás de **m** (cambiar).
 Verbos acabados en **-bir**, excepto *servir*, *vivir* e *vir*.
 Formas do pretérito imperfecto de indicativo dos verbos terminados en **-ar** (estaba, falaban...).
- Escríbense con **v** {
 Os adxectivos terminados en **-avo**, **-ava**, **-evo**, **-eva**, **-ivo**, **-iva**, **-ave**, **-eve**, agás os rematados en **-sílabo** (monosílabo), **ceibe**, **ceibo/ceiba** e **árabe**.
 Algunhas formas verbais {
 Os verbos que levan o son **b** e que non teñen **b** nin **v** no infinitivo (estar - estivemos).
Excepción: terminacións **-aba**, **-abas**, **-abamos** do pretérito imperfecto da primeira conxugación (cantaba, bailabas, saltabamos).
 As formas dos verbos **vir**, **servir** e **vivir** e as palabras da súa familia (previr, servizo, vivenda)
- Escríbese con **m** { antes de **p** (empezar) e antes de **b** (bombeiro).
- O son **r** forte {
 Escríbese con **rr** entre vogais (torre).
 Escríbese con **r** nos demais casos (roda, enredar).
- O son **k** {
 Escríbese con **c** ante **a**, **o**, **u** (cara, colexio, cura).
 Escríbese con **qu** ante **e**, **i** (queixo, químico).
- O son **z** {
 Escríbese con **c** ante **e**, **i** (cenoria, cidadán).
 Escríbese con **z** ante **a**, **o**, **u** (zapato, zoco, azucre).
 Escríbese con **z** final as palabras que teñen o plural en **-ces** (luz ► luces).

O son g	{ Escríbese con g ante a, o, u (galo, gorra, canguro). Escríbese con gu ante e, i (guerra, guitarra). Escríbese con gü ante e, i cando o u soa (bilingüe, pingüín).
A grafía x pode representar	{ Un son coma o que pronunciamos en <i>xamón, xoaniña</i> ou <i>xardín</i> . Un son <i>ks</i> coma o que pronunciamos en <i>sexto</i> ou <i>exame</i> .
Escríbense con ll	{ Palabras como <i>vasilla, atallo, baralla, burbulla, coello, cella, lentella, partilla, parella</i> .
Escríbense con i	{ Palabras como <i>maio, ensaio, desmaio, raia, xersei, rei, lei, boi, boia, ioiío, apoiar, iogur, papagaio</i> .
Escríbense con maiúscula	{ Nomes propios (M ariña, río U lla). A primeira palabra dun escrito (E stimada señora:). Despois de punto (O día amenceu nubrado. N on tardaría en chover).

Ortografía: signos de puntuación

Úsase

- Punto (.)** { Ao final dun escrito (As vacacións comezan mañá.).
Ao final dunha oración en que se afirma ou se nega algo. Hai tres tipos de punto: punto e seguido, punto e á parte e punto final (Sara ergueuse tarde. Despois perdeu o autobús.).
- Coma (,)** { Para separar os elementos dunha enumeración (Merquei: froita, verdura, carne e peixe).
Para separar o nome da persoa á que nos diriximos (Ola, Cibrán!).
- Dous puntos (:)** { Ao introducir unha enumeración xa anunciada (Na tenda vin a teus irmáns: a Iria, a Ana e a Roi).
Despois do saúdo con que comezan as cartas (Estimada señora:).
Antes de escribir palabras exactas ditas por outra persoa (O profesor dixo: «A traballar, rapaces!»).
- Punto e coma (;)** { Para separar os elementos dunha enumeración cando, ademais, leva coma (No colector verde, os residuos orgánicos; no amarelo, plásticos, briks e latas; no azul, papel e cartón).
Diante de pero, aínda que, non obstante, con todo... cando introducen oracións longas (Non sei se os que me escoitaron estaban de acordo comigo; **con todo**, a maioría acenaba coa cabeza afirmando que si).
- Puntos suspensivos (...)** { Para indicar que unha enumeración está incompleta (Podes elixir entre fútbol, tenis, baloncesto...).
Para facer unha pausa que indique sorpresa, medo ou dúbida (Eu quero que... que... me deixes en paz dunha vez.).
- Signos de interrogación (?):** Ao final dunha oración interrogativa (Como te chamas?).
- Signos de exclamación (!):** Ao final dunha oración exclamativa (Canto comiches!).
- Parénteses ():** Para encerrar aclaracións, datos, datas, lugares, explicación de siglas. Castelao (Rianxo, 1886 - Buenos Aires, 1950).
- Raia (-)** { Para introducir as palabras dos personaxes nos diálogos (–Como andan os teus? / –Moi ben, grazas.).
Para separar o que di un personaxe das palabras do narrador (–Creo que quedei durmido –murmurou o rapaz).

Úsase
(continuación)

- | | | |
|---|--------------------|---|
| } | Guión (-) | { Para dividir a palabra ao final da liña.
Non se pode deixar unha vogal soa ao final dunha liña,
nin separar as vogais que van seguidas.
Tampouco se poden separar os dígrafos (ll, ch, rr, nh, gu, qu). |
| | | Comiñas (« ») { Para encerrar as palabras exactas dunha cita (Como dixo o romano: «Roma non paga a traidores»). |

Ortografía: o acento gráfico

Diferenzas	{	<p>Acento: a maior intensidade con que pronunciamos unha sílaba (tónica) dentro dunha palabra. O resto das sílabas dunha palabra son átonas.</p> <p>Acento gráfico: signo gráfico (´) que poñemos sobre a sílaba tónica nalgunhas palabras (difícil).</p>									
Regras xerais de acentuación	{	<table border="0"> <tr> <td style="vertical-align: middle;">Agudas</td> <td style="font-size: 3em; vertical-align: middle;">{</td> <td> <ul style="list-style-type: none"> • Levan a sílaba tónica no último lugar (ordenador). • Acentúanse cando acaban en vogal, en vogal + -n, en vogal + -s e en vogal + -ns (sofá, león, revés). • Non se acentúan cando son monosílabas, cando rematan noutras consoantes distintas de n ou s, ou en ditongos decrecentes (<i>au</i>, <i>eu</i>, <i>ou</i>, <i>ai</i>, <i>ei</i>, <i>oi</i>) seguidos ou non de n ou s (<i>si</i>, <i>ton</i>, <i>despois</i>, <i>chegou</i>). </td> </tr> <tr> <td style="vertical-align: middle;">Graves</td> <td style="font-size: 3em; vertical-align: middle;">{</td> <td> <ul style="list-style-type: none"> • Levan a sílaba tónica no penúltimo lugar (reloxo). • Acentúanse cando non acaban en vogal, en vogal + -n, en vogal + -s e en vogal + -ns (fácil). </td> </tr> <tr> <td style="vertical-align: middle;">Esdrúxulas</td> <td style="font-size: 3em; vertical-align: middle;">{</td> <td> <ul style="list-style-type: none"> • O acento recae sobre a antepenúltima ou anterior á antepenúltima (mármore). • Acentúanse todas (Chamástelo?). </td> </tr> </table>	Agudas	{	<ul style="list-style-type: none"> • Levan a sílaba tónica no último lugar (ordenador). • Acentúanse cando acaban en vogal, en vogal + -n, en vogal + -s e en vogal + -ns (sofá, león, revés). • Non se acentúan cando son monosílabas, cando rematan noutras consoantes distintas de n ou s, ou en ditongos decrecentes (<i>au</i>, <i>eu</i>, <i>ou</i>, <i>ai</i>, <i>ei</i>, <i>oi</i>) seguidos ou non de n ou s (<i>si</i>, <i>ton</i>, <i>despois</i>, <i>chegou</i>). 	Graves	{	<ul style="list-style-type: none"> • Levan a sílaba tónica no penúltimo lugar (reloxo). • Acentúanse cando non acaban en vogal, en vogal + -n, en vogal + -s e en vogal + -ns (fácil). 	Esdrúxulas	{	<ul style="list-style-type: none"> • O acento recae sobre a antepenúltima ou anterior á antepenúltima (mármore). • Acentúanse todas (Chamástelo?).
Agudas	{	<ul style="list-style-type: none"> • Levan a sílaba tónica no último lugar (ordenador). • Acentúanse cando acaban en vogal, en vogal + -n, en vogal + -s e en vogal + -ns (sofá, león, revés). • Non se acentúan cando son monosílabas, cando rematan noutras consoantes distintas de n ou s, ou en ditongos decrecentes (<i>au</i>, <i>eu</i>, <i>ou</i>, <i>ai</i>, <i>ei</i>, <i>oi</i>) seguidos ou non de n ou s (<i>si</i>, <i>ton</i>, <i>despois</i>, <i>chegou</i>). 									
Graves	{	<ul style="list-style-type: none"> • Levan a sílaba tónica no penúltimo lugar (reloxo). • Acentúanse cando non acaban en vogal, en vogal + -n, en vogal + -s e en vogal + -ns (fácil). 									
Esdrúxulas	{	<ul style="list-style-type: none"> • O acento recae sobre a antepenúltima ou anterior á antepenúltima (mármore). • Acentúanse todas (Chamástelo?). 									
Outras regras	{	<table border="0"> <tr> <td style="vertical-align: middle;">Maiúsculas</td> <td style="font-size: 3em; vertical-align: middle;">{</td> <td> <p>Nomes propios: seguen as regras xerais de acentuación (Óscar, África).</p> </td> </tr> <tr> <td style="vertical-align: middle;">Hiatos e ditongos</td> <td style="font-size: 3em; vertical-align: middle;">{</td> <td> <ul style="list-style-type: none"> • Seguen as regras xerais de acentuación, excepto os hiatos formados por vogal pechada tónica e vogal aberta, que levan sempre acento gráfico sobre a vogal pechada (rúa). • Nos ditongos, o acento gráfico escríbese sobre a vogal aberta a, e, o (náufrago). • Nas secuencias en que aparecen xuntas as vogais pechadas i e u, seguramente estaremos ante un hiato se a vogal tónica vai en segundo lugar, e deberemos acentuala (muíño; pero resistiu). </td> </tr> </table> <p>Interrogativos e exclamativos: Non se acentúan. (Que hora é?; Canto tardaches!).</p> <p>Os monosílabos: Como regra xeral non se acentúan. Só levan acento diacrítico, se lles cómpre.</p>	Maiúsculas	{	<p>Nomes propios: seguen as regras xerais de acentuación (Óscar, África).</p>	Hiatos e ditongos	{	<ul style="list-style-type: none"> • Seguen as regras xerais de acentuación, excepto os hiatos formados por vogal pechada tónica e vogal aberta, que levan sempre acento gráfico sobre a vogal pechada (rúa). • Nos ditongos, o acento gráfico escríbese sobre a vogal aberta a, e, o (náufrago). • Nas secuencias en que aparecen xuntas as vogais pechadas i e u, seguramente estaremos ante un hiato se a vogal tónica vai en segundo lugar, e deberemos acentuala (muíño; pero resistiu). 			
Maiúsculas	{	<p>Nomes propios: seguen as regras xerais de acentuación (Óscar, África).</p>									
Hiatos e ditongos	{	<ul style="list-style-type: none"> • Seguen as regras xerais de acentuación, excepto os hiatos formados por vogal pechada tónica e vogal aberta, que levan sempre acento gráfico sobre a vogal pechada (rúa). • Nos ditongos, o acento gráfico escríbese sobre a vogal aberta a, e, o (náufrago). • Nas secuencias en que aparecen xuntas as vogais pechadas i e u, seguramente estaremos ante un hiato se a vogal tónica vai en segundo lugar, e deberemos acentuala (muíño; pero resistiu). 									

O acento diacrítico)

Utilízase o acento diacrítico para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita, pero que se diferencian porque a vogal tónica ten diferente timbre (bóla 'esfera' / bola 'peza de pan') ou porque unha palabra é tónica e a outra átona (dá 'verbo dar' / da 'contracción da preposición de e o artigo a'). Levan acento gráfico as palabras tónicas (dá) e as que teñen o timbre aberto (bóla).

- á (substantivo; contracción)
- ás (substantivo; contracción)
- chá ('plana')
- chás ('planas')
- cómpre ('é mester')
- cómpren ('son mester')
- dás (verbo *dar*)
- dó ('compaixón'; 'nota musical')
- é (verbo *ser*)
- fóra (adverbio)
- máis (adverbio de cantidade)
- nó ('lazo')
- nós (plural de *nó*; pronome tónico)
- pé (parte do corpo)
- póla ('rama')
- pór ('poñer')
- présa ('apuro')
- sé ('sede eclesiástica'; imperativo de *ser*)
- só (adverbio; adxectivo)
- té ('infusión')
- vén (presente do verbo *vir*)
- vés (presente do verbo *vir*)
- vós (pronome tónico)
- a (artigo; pronome; preposición)
- as (artigo; pronome)
- cha (*che* + *a*)
- chas (*che* + *as*)
- compre ('merque')
- compren ('merquen')
- das (*de* + *as*)
- do (*de* + *o*)
- e (conxunción)
- fora (verbo *ser* e *ir*)
- mais (conxunción)
- no (*en* + *o*)
- nos (*en* + *os*; pronome átono)
- pe (letra)
- pola ('galiña'; *por* + *a*)
- por (preposición)
- presa ('encoro'; 'atada'; 'puñado')
- se (pronome; conxunción)
- so (preposición 'baixo')
- te (pronome; letra)
- ven (presente do verbo *ver*; imperativo do verbo *vir*)
- ves (presente do verbo *ver*)
- vos (pronome átono)

Análise morfolóxica e sintáctica

Análise	{	Morfolóxica: ten por obxecto determinar que clase de palabra é.						
		Sintáctica: ten por obxecto analizar a función que desempeña cada palabra na oración.						
Como analizar morfoloxicamente	{	Identificar a que categoría pertence a palabra	{	• Substantivo.	• Demostrativo.	• Indefinido.	• Adverbio.	
				• Adxectivo.	• Posesivo.	• Pronome persoal.	• Preposición.	
		Identificar a clase en	{	• Artigo.	• Numeral.	• Verbo.	• Conxunción.	
				• Substantivos (concreto/abstracto; individual/colectivo...).				
		Identificar o xénero en	{	• Numerais (cardinal, ordinal).				
				• Adverbios (lugar, tempo, modo...).				
		Identificar o número en	{	• Substantivos.	• Demostrativos.			
• Adxectivos.	• Posesivos.							
Identificar a persoa en	{	• Artigos.	• Indefinidos.					
		• Pronomes.						
Identificar o tempo e o modo en	{	• Substantivos.	• Demostrativos.					
		• Adxectivos.	• Posesivos.					
Identificar o grao en	{	• Artigos.	• Indefinidos.					
		• Pronomes.	• Verbos.					
		Identificar a persoa en	{	Pronomes.				
		Identificar o tempo e o modo en	{	Verbos.				
		Identificar o grao en	{	Adxectivos.				

Nos dicionarios recóllese o significado das palabras e achéganse, normalmente, indicacións sobre o seu uso.

Convén saber

- Abreviaturas:** en cada dicionario recóllense as abreviaturas utilizadas nel. Convén coñecelas antes do seu uso (Ex: fig., num., pl., adx., ...).
- Acepción:** chamamos acepción a cada un dos significados dunha palabra que aparecen no dicionario (Cabalo: **1.-** Mamífero herbívoro de catro patas e bastante altura. **2.-** Carta da baralla. **3.-** Figura do xadrez con forma de cabalo. **4.-** Aparello de ximnasia sobre o que se salta apoiando as mans).
- Palabras guía:** parellas de palabras situadas nas esquinas superiores de cada páxina e que indican a primeira e a última definición.

As palabras no dicionario

- As palabras ordénanse
 - alfabeticamente pola súa primeira letra.
 - cando varias palabras comezan pola mesma letra, ordénanse alfabeticamente pola súa segunda letra e así sucesivamente.
- Para buscar palabras
 - Os substantivos e adxectivos aparecen en singular e sempre en xénero masculino.
 - Os verbos aparecen soamente en infinitivo.
- Nunha definición aparece
 - unha abreviatura que indica a clase de palabra (s. m. = substantivo masculino).
 - números que indican as diferentes acepcións que ten unha palabra.
 - as expresións coas que se utiliza a palabra en cuestión.
 - sinónimos e antónimos da palabra.
 - outros termos da familia á que pertence a palabra.

Esquemas de Lingua galega é unha obra colectiva concibida, creada e realizada no Departamento de Primaria de Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L., baixo a dirección de José Tomás Henao e Ana María Guerra Cañizo.

Na súa realización interviñeron:

Texto

Afonso Toimil Castro

Edición

Afonso Toimil Castro

Deseño gráfico

Paco Sánchez

© 2009 by Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.
Ruela de Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela
PRINTED IN SPAIN
Impreso en España por

CP: 165759
Depósito legal:

A presente obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual correspóndelle a Obradoiro/Santillana. Aos seus lexítimos usuarios só lles está permitido realizar fotocopias para o seu uso como material da aula. Queda prohibida calquera utilización fóra dos usos permitidos, especialmente aquela que teña fins comerciais.